



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

Aprobación definitiva da modificación do Regulamento para asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre

O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2022, aprobou inicialmente a modificación do Anexo III – Calendario de obxectivos do Regulamento para asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre.

Exposta esta modificación ao público durante trinta días, mediante publicación no BOP núm. 193, do 11 de outubro de 2022, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, enténdese definitivamente aprobada.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, publícase integramente a modificación do texto normativo, que entrará en vigor ao día seguinte ao da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Modificación do Anexo III – Calendario de obxectivos do Regulamento para asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre

O último parágrafo do Anexo III. Calendario de obxectivos, do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre, queda redactado:

“4º trimestre: os obxectivos do departamento deben estar aprobados e coñecidos polos traballadores de todo o departamento na segunda quincena de setembro”.

Cambre, 29 de novembro de 2022

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos

PD. (R.A. núm. 1323/2019, do 1 de xullo)

María Dolores Pan Lesta

2022/7546